PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

CONVOCATORIA, MEDIANTE PROCEDEMENTO DE ASIGNACIÓN DE CONCERTO SOCIAL, PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN AMBULATORIA CON NENOS, NENAS E ADOLESCENTES EN SITUACIÓN DE DIFICULTADE SOCIAL E DESPROTECCIÓN, (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO BS214D)

1. OBXECTO DO CONCERTO

O obxecto do concerto é o desenvolvemento do programa de intervención ambulatoria con adolescentes en situación de dificultade social e desprotección, cuxo obxectivo consiste en ofrecer orientación e tratamento terapéutico e especializado, adaptado ás necesidades particulares do perfil de persoas menores. Estas necesidades maniféstanse por un consumo de substancias tóxicas, relacións disfuncionais coas súas figuras parentais e a comisión de pequenos delitos, así como algunhas outras características de vulnerabilidade social derivadas da súa situación de desprotección, como ser vítima ou vitimario de distintas formas de violencia.

2. DEFINICIÓN DO SERVIZO

O Programa de Intervención Ambulatoria con adolescentes dará resposta psicosocioeducativa a diversas problemáticas, como son as cada vez máis frecuentes e cambiantes formas de violencia (sexual, filioparental, acoso escolar, violencia dixital), condutas suicidas, trauma complexo, problemas de apego, procesos complicados de acollemento, adopción ou postadopción, as diferentes expresións das dificultades de autorregulación emocional, tales como: uso e abuso de sustancias, adiccións a novas tecnoloxías, trastornos da conduta alimentaria, autolesións, ...

2.1. Principios xerais.

- Superior interese do menor. Como todas as medidas de protección, a derivación ao programa de tratamento ambulatorio deberá estar sempre xustificada por ser a intervención que mellor atende aos intereses concretos de cada NNA nun momento dado. Iso implica a protección e garantía dos seus dereitos fundamentais como persoa, consagrados na Convención de Dereitos do Neno e recollidos na lexislación estatal e autonómica.

- Necesidades dos NNA como eixo primordial. O deseño do programa de intervención ambulatoria con adolescentes, así como os procedementos que se establezan para o seu desenvolvemento, deberán basearse fundamentalmente na súa capacidade para cubrir adecuadamente as necesidades dos NNA.

- Atención integral, individualizada, proactiva e rehabilitadora. A atención do programa deberá estar baseada na intervención psicoeducativa integral dos adolescentes, con

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 2mqnBXB0QV1 https://sede.xunta.gal/cve

especial atención ás súas necesidades intelectuais, afectivas e de relación coa contorna social.

- Resulta preciso que os profesionais do programa realicen unha detección temperá de calquera dificultade que poida obstaculizar o adecuado desenvolvemento das intervencións futuras, así como propor aqueles recursos necesarios para a consideración do correspondente equipo técnico do menor.

- Participación dos NNA. A Convención de Dereitos do Neno establece o seu dereito a participar nas decisións que lles afectan. É preciso contar coa opinión e perspectiva do NNA en calquera proceso no que estea implicado dentro do programa, dada a transcendencia que estas decisións teñen para o seu futuro. No desenvolvemento do Programa de Intervención Ambulatoria con NNA a participación destes debe ser un eixe prioritario do traballo dos profesionais e persoas implicadas.

- Proporcionalidade e intervención mínima: as actuacións basearanse no ben superior do NNA e axustaranse ás súas necesidades, polo que as intervencións haberán de someterse aos principios de legalidade, necesidade, proporcionalidade e intervención mínima, buscando a mínima interferencia na súa vida escolar, familiar e social e asegurando así a ausencia de praxes e intervencións especializadas sen unha adecuada fundamentación, así como que estas non excedan o tempo e intensidade que requira cada caso.

- Intervención en rede con outros axentes intervenientes: servizo de protección de menores, servizos sociais, educativos, sanitarios, axentes xudiciais,...

2.2. Obxectivos.

O obxectivo xeral do programa é previr e minimizar as condutas problemáticas do neno, nena ou da adolescente, co fin de evitar o seu agravamento e reducir a probabilidade dunha intervención mais estruturada e intensa.

Os obxectivos específicos que se pretenden acadar son:

- Desenvolver estratexias de motivación ao cambio para o tratamento.

- Reducir, na medida do posible, a xénese e manifestación de condutas disociais, agresivas e violentas.

- Diminuír ou eliminar condutas de risco en menores que presenten patróns de uso ou abuso de drogas ou de adiccións sen substancias.

- Axudar á persoa menor e a súa familia a desenvolver pautas de comunicación funcionais.

- Potenciar as habilidades necesarias para propiciar o desenvolvemento persoal e a integración social da persoa menor: axuste emocional, autocontrol, habilidades sociais, autoestima, etc.

- Implicar á familia e/ou aos responsables da persoa menor no proceso de cambio.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 2mqnBXB0QV1 https://sede.xunta.gal/cve

- Potenciar hábitos de vida saudables.
- Transmitir a importancia da adquisición de formación de cara a unha futura incorporación ao mundo laboral.
- Fomentar alternativas e recursos de ocio e tempo libre saudables.
- Acadar unha actuación coordinada das institucións que poden intervir ao longo do tratamento.
- Apoiar e asesorar aos equipos especializados en dificultade social e desprotección, no desenvolvemento dunha estratexia de apoio permanente aos nenos, nenas e adolescentes atendidos, ao longo de todo o proceso.
- Apoiar e colaborar en accións de integración social dos nenos, nenas e adolescentes.
- Favorecer o proceso de maduración persoal e social desenvolvendo as habilidades necesarias para facer fronte a situacións de risco e a súa posterior integración social.

Para proporcionar orientación e tratamento terapéutico especializado precísase contar con recursos e equipos terapéuticos que permitan a diversificación da intervención desde unha perspectiva temperá que posibilite que as persoas menores afronten as súas condutas e relacións disfuncionais, así como a súa posterior reeducación. Esta intervención levarase a cabo de forma individual, familiar ou grupal, atendendo ás especiais necesidades dos/as nenos/as e mozos/as e das súas familias, desde os ámbitos psicolóxico e socioeducativo. Igualmente, precisase dunha coordinación permanente e eficaz cos servizos de menores e co resto de recursos comunitarios co fin de profundar na normalización do menor.

3. ÁMBITO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

O servizo prestarase na provincia de Pontevedra (cidade de Vigo).

4. POBOACIÓN ATENDIDA POLO SERVIZO

A lexislación actualmente vixente en materia de atención e protección á infancia, Lei 3/2011 de 30 xuño, de apoio á familia, a infancia e a convivencia de Galicia, asigna á Xunta de Galicia, e concretamente á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, a través dos seus Servizos de Protección de Menores, a responsabilidade de intervir en situacións de desprotección social que afecten a persoas menores de idade.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 2mqnBXB0QV1 https://sede.xunta.gal/cve

Esta competencia reflíctese no artigo 48.2 da citada norma, no que se especifican que "*Constitúen situacións de desprotección as de risco e as de desamparo*". Así mesmo, indica que a protección dos menores polos poderes públicos, realizarase mediante actuacións de prevención, de detección e reparación das situacións de risco e o establecemento dos servizos e recursos necesarios, adecuados para a actuación en situacións de desprotección social do menor, para o exercicio da súa garda e a súa tutela.

Para definir o contido e a orientación da intervención terapéutica, tomaremos en consideración o artigo 46 que reflicte no seu apartado primeiro como principio xeral das actuacións en materia de protección á infancia o carácter prioritario da prevención: "*Na atención integral á infancia e a adolescencia, terán carácter prioritario as actuacións dirixidas a previr posibles situacións de desprotección e conflito social en que se poidan atopar, así como as graves carencias que menoscaben o seu desenvolvemento*".

E no apartado segundo específica que o obxecto da prevención é:

> *"a) Evitar ou reducir as causas que provoquen ou favorezan os procesos de marxinación ou inadaptación dos nenos, nenas e adolescentes, as circunstancias de carencia ou de desprotección que dificulten ou menoscaben o libre e pleno desenvolvemento dos mesmos, e os factores que propicien o deterioro da súa contorna sociofamiliar.*
>
> *b) Reducir ou contrarrestar os efectos producidos polas causas, circunstancias e factores referidos no apartado anterior.*
>
> *c) Impedir as situacións individuais de risco ou de desamparo".*

Partindo desta contextualización normativa, a execución de competencias de prevención, detección e atención temperá esixe dispoñer de servizos especializados en atención ás distintas manifestacións nas que se expresa a dificultade social e desprotección infantil, que afectan a nenos, nenas e adolescentes, e delimitan os perfís de destinatarios deste programa, que son:

a) En situación de desamparo: Nenos, nenas ou adolescentes que teñen necesidades básicas sen satisfacer, que lle provocaron, ou é probable que lle provoquen, un dano significativo na súa saúde e desenvolvemento, e esa situación é consecuencia directa da incapacidade ou imposibilidade do seu pai, nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda, para cumprir os deberes de protección ou do inadecuado cumprimento dos devanditos deberes.

b) En dificultade social: Situacións nas que, habendo un exercicio adecuado dos deberes de protección, existen outras circunstancias, carencias ou conflitos familiares, sociais ou educativos fora do control dos pais e nais ou persoas titoras ou gardadoras que están a prexudicar ou poden prexudicar o desenvolvemento da persoa menor de idade (por exemplo, falta de servizos, pobreza, delincuencia, marxinación ou violencia na súa contorna -incluíndo o centro escolar-, etc.).

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 2mqnBXB0QV1 https://sede.xunta.gal/cve

Poderán ser derivados polos equipos técnicos do menor a este programa aquelas persoas menores que como consecuencia da situación de risco, desamparo ou dificultade social presenten algunha das seguintes problemáticas:

- Trastornos psicopatolóxicos (incluíndo condutas autolíticas, e trastornos da conduta alimentaria).
- Condutas disociais, individuais e/ou grupais
- Problemas de inadaptación, violencia,..., nos ámbitos, escolar, social, familiar (incluído o maltrato intrafamiliar bidireccional)
- Inicio de condutas de risco relacionadas co consumo de drogas e outras condutas aditivas.
- Problemas de conduta en procesos de integración/reunificación familiar ou en adopcións complexas, problemas de vinculación e de apego, necesidade de atención terapéutica no tránsito á vida autónoma.
- Comisión de delitos por menores de 12 a 14 anos, sobre todo relacionados con violencia escolar e maltrato familiar, co obxecto de valorar a adopción dunha medida de protección.
- Problemáticas afectivo-sexuais, incluíndo a vítimas e vitimarios.
- Solicitude de apoio psicolóxico nos supostos de malos tratos, abusos, etc.

Con carácter xeral, este programa atenderá a persoas menores con idades comprendidas entre os 9 e 18 anos, aínda que poderá continuar ou reincorporarse a dito programa ata os 21 anos, así como ás súas familias como parte do proceso terapéutico da persoa menor.

Para reforzar a súa dimensión preventiva, o programa poderá reservar ata un 10% do número estimado de persoas usuarias, para destinalo á atención daqueles NNA que, sen ter aberto un expediente no Servizo de Protección de Menores, manifesten unha problemática abordable dende este programa e foran derivados por outros axentes sociais.

A súa vez, outorgarase prioridade á actuación co entorno familiar da persoa menor, evitando sempre que sexa posible, a separación do seu núcleo familiar. A familia será obxecto da actuación protectora e deberá cooperar na consecución dos obxectivos fixados para a intervención, sendo igualmente destinataria do programa.

O número estimado de usuarios que se deberá atender ao ano é de 90.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 2mqnBXB0QV1 https://sede.xunta.gal/cve

5. CONTIDO, FASES E METODOLOXÍA DO PROGRAMA

a) Contido da intervención:

As prestacións que deberá desenvolver a entidade adxudicataria comprenden, con carácter xeral:

- A intervención psicolóxica e socioeducativa cos/coas adolescentes e as súas familias co fin de acadar os obxectivos do programa.
- A coordinación e xestión do programa.
- A remisión de todos os datos estatísticos e a información que se lle requira sobre a execución do programa á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- Emisión de informe inicial (anexo VIII), de seguimento (anexo IX) e final (anexo X), dirixidos ao ETM responsable do caso.
- A realización dun seguimento individualizado de cada caso posterior ao remate da intervención, sempre que as persoas tratadas amosen a súa conformidade, aos 6 e 12 meses.
- A remisión á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, con carácter anual, dunha memoria do desenvolvemento do programa, na que se recollerán todas as actividades realizadas e unha avaliación dos resultados obtidos.

O enfoque metodolóxico partirá dun plan de tratamento individualizado participativo, activo e un enfoque positivo, que estará baseado nas posibilidades e nas necesidades da persoa menor, con obxectivos a curto e longo prazo e criterios de finalización do tratamento.

O desenvolvemento metodolóxico deste programa deberá apoiarse, dentro do posible, en investigacións ou avaliacións que evidenciaran a súa eficacia.

Realizarase un Plan de tratamento individual con intervencións terapéuticas e socioeducativas, dirixidas á persoa menor, enfocadas especialmente á situación de dificultade social e/ou desprotección, promovendo e acompañando o proceso de motivación ao cambio.

A intervención centrarase nos factores que facilitan e manteñen as condutas disfuncionais e no fortalecemento dos factores protectores que permitan acadar o proceso de cambio, con énfase en estratexias de prevención de recaídas.

Os obxectivos serán avaliables e o plan de tratamento individualizado incluirá un método para valorar o progreso e resultados das intervencións, o que facilitará modificacións en función dos logros e dificultades terapéuticas.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 2mqnBXB0QV1 https://sede.xunta.gal/cve

A proposta de tratamento será asumida como parte do proceso de reparación e de desenvolvemento que precisan os nenos, nenas e adolescentes que viven en condicións de dificultade social e desprotección, dentro dun marco de intervención integral, que permita actuar precozmente co fin de impedir que o proceso de exclusión adquira maior gravidade.

Realizarase seguimento e avaliación continuada dos obxectivos formulados inicialmente para cada un dos nenos, nenas e adolescentes; así como o grao de cumprimento dos mesmos.

Contemplará a orientación no proceso de preparación para a desvinculación, de acordo a criterios definidos previamente no Plan de tratamento. Realizarase seguimento posterior a curto prazo, unha vez finalizado o tratamento.

b) Estrutura da Intervención

A intervención estruturarase nas seguintes fases:

1.- Derivación e acollida:

- Coordinación previa ao inicio da valoración diagnóstica

  Cando o equipo técnico do menor (en adiante ETM) valore que unha persoa menor é susceptible de ser incluído/a no programa, derivará o caso a través de solicitude formal e tomará contacto co equipo da entidade adxudicataria para concretar unha reunión na que se informará sobre a súa situación e a problemática pola que se considera que debe recibir tratamento terapéutico. No caso de NNA sen expediente de protección, o organismo derivante será o encargado de coordinarse co equipo da entidade adxudicataria ao longo da intervención.

- Acollida

  O obxecto desta fase consiste en acoller, vincular, motivar e diagnosticar inicialmente aos usuarios para establecer os obxectivos terapéuticos a seguir no plan de tratamento. Tomarase contacto coa familia da persoa menor de idade, a fin de coñecer pormenorizadamente o funcionamento familiar e ofrecerlle una perspectiva máis ampla do que acontece na vida do neno/a ou adolescente, para o que, a entidade adxudicataria, concertará unha entrevista como paso previo ao inicio dunha relación terapéutica.

2.- Valoración:

Nesta fase a entidade adxudicataria:

- Estudará a situación integralmente e analizará aqueles factores (persoais, familiares, sociais) que inflúan nesta; así como o tipo de intervención que require o caso segundo as circunstancias que resulten das actuacións precedentes. Realizará unha avaliación inicial e o perfil de usuario, que

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 2mqnBXB0QV1 https://sede.xunta.gal/cve

permita valorar a pertinencia do recurso e defina inicialmente a liña da intervención.

- Elaborará un diagnóstico integral en profundidade, que comprenda o compromiso biopsicosocial e as áreas relacionadas, a relación do neno coas condutas problemáticas, a dimensión ligada á motivación e que estableza as bases para a intervención integral, facilitando a adherencia ao tratamento.

- Elaborará, en base ao diagnóstico integral, os obxectivos terapéuticos a seguir co menor.

- Deseñará un plan de tratamento integral que vincule a todos os referentes psicosociais e/ou clínicos, segundo corresponda.

- Esta fase finalizará coa elaboración dun informe inicial de valoración (anexo VIII), no que se incluirá tamén un plan de tratamento, e que será remitido ao equipo técnico do menor que derivou o caso.

3.- Intervención:

Prestaráselles aos NNA e ás súas familias unha intervención terapéutica personalizada de acordo cos obxectivos previstos no plan de tratamento á vista das necesidades detectadas. Neste senso, a entidade adxudicataria:

- Desenvolverá e afianzará competencias emocionais, cognitivas e condutuais, a fin de potenciar factores protectores persoais, familiares e sociais da persoa menor que faciliten ou fomenten a súa integración social.

- Elaborará e reparará situacións de duelo ou traumas vividos polo usuario en coordinación con redes especializadas ao efecto.

- Reparará, resignificará e fortalecerá a vinculación coa familia e/ou figuras vinculares significativas.

- Potenciará o recoñecemento e novas alternativas de resolución de conflictos.

- Favorecerá e coordinará o proceso de integración social nas distintas áreas: educativa e/ou capacitación laboral, familiar e de lecer.

- Favorecerá a abstinencia e a diminución dos riscos asociados ao consumo de drogas e ás adiccións sen sustancias.

- Intervirá na instauración de condutas alternativas: comunicación asertiva, resolución de conflitos e estratexias de abordaxe, entre outras.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 2mqnBXB0QV1 https://sede.xunta.gal/cve

- Promoverá as relacións afectivo-sexuais saudables, así como a intervención coas vítimas e a reeducación dos vitimarios.
- Intervirá en problemáticas ou disfuncións sexuais.
- Favorecerá a educación afectivo-sexual a través de obradoiros de prevención de violencia sexual, de xénero e identidade sexual

4.- Preparación para a saída e alta clínica.

Nesta fase intentarase verificar a consecución dos obxectivos que xustificaron a intervención utilizando os indicadores previamente formulados no plan de tratamento e que se estimen pertinentes. Integrará accións de consolidación e mantemento do proceso de cambio e preparará á persoa menor para a desvinculación do proceso terapéutico.

O obxecto desta fase consiste na continuidade da adherencia ao tratamento nos eidos de saúde física e emocional e no fortalecemento dos factores de protección ante situacións de risco de recaídas para o mantemento das melloras. A tal fin, deseñarase un itinerario de integración individualizado, continuando co proceso de integración social iniciado: educación, familia, grupo de iguais e ocupación do tempo libre; en apoio e coordinación co equipo ou rede psicosocial.

Con anterioridade á alta definitiva, o/a terapeuta de referencia porase en contacto co equipo técnico do menor e informarao da consecución dos obxectivos formulados e da conveniencia de dar de baixa á persoa menor no programa.

5.-Seguimiento

A entidade adxudicataria coordinará o seguimento no seu contexto habitual co equipo de menores, unha vez finalizada a fase de tratamento e integración social.

Acompañará clínica e psicosocialmente ao neno, nena ou adolescente ata a determinación da alta clínica e pechará definitivamente a intervención, unha vez finalizado o período de seguimento.

c) Metodoloxía

En canto á metodoloxía, a intervención abordarase dunha forma integral, comprensiva da dimensión persoal, familiar e social do desenvolvemento, e tendo en conta a perspectiva de xénero. Abarcará, como mínimo, as seguintes áreas de intervención:

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 2mqnBXB0QV1 https://sede.xunta.gal/cve

- Área de desenvolvemento persoal
- Área de saúde
- Área de convivencia e relacións coa contorna social
- Área de relacións familiares
- Área de formación
- Área de orientación e inserción laboral
- Área de estruturación do lecer e tempo libre

A devandita intervención contextualizarase nos seguintes aspectos :

- Ámbito psicosocial, con atención aos conflitos psicolóxicos do NNA que lle impidan ou obstaculicen a estruturación da súa personalidade, o seu proceso madurativo ou a súa capacidade de socialización.
- Orientación na construción da propia identidade de forma positiva, potenciando os recursos e habilidades persoais, os mecanismos de prevención e protección ante a violencia e a autonomía fronte a grupos desadaptativos.
- Desenvolvemento de habilidades que permitan a expresión das emocións e a resolución de conflitos de forma adecuada.
- Formación en valores, en particular a educación para a igualdade e o respecto.
- Educación afectivo-sexual, orientada á construción da propia identidade sexual, ao respecto pola diversidade, á promoción da convivencia positiva entre os sexos e á prevención de condutas de risco.
- Orientación dirixida á permanencia ou reincorporación ao contexto escolar ou, se é o caso, ao mundo laboral.
- Educación para a saúde, incluíndo especialmente a prevención e modificación de hábitos de consumo de drogas e dos relacionados con outras condutas aditivas.
- Orientación de cara á adquisición de estilos de vida adaptativos, saudables e socialmente integradores.
- Formación e apoio ás familias para o afrontamento e solución pacífica de conflitos e para a obtención de estratexias educativas válidas e adecuadas.

A metodoloxía de intervención incluirá sesións individuais, cos familiares, de parella e/ou grupais, atendendo ás especificidades do caso. Establecerase inicialmente unha sesión á semana, correspondendo aumentar ou espazar esta

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 2mqnBXB0QV1 https://sede.xunta.gal/cve

periodicidade en función dos progresos experimentados polo NNA ao longo do tratamento.

No referente á temporalización da intervención, en termos xerais, o programa completo non debería superar os 12 meses, podendo reducirse ou prolongarse segundo o perfil da persoa menor, dos procesos afectados e o tratamento propiamente dito. Aínda así, isto será definido polo equipo segundo cada caso, e deberá flexibilizarse coas características do suxeito e o seu contexto, dependendo do perfil de complexidade psicosocial.

Será motivo de baixa no programa que a persoa menor non acuda a tres citas consecutivas ou catro alternas ou que a súa evolución sexa escasa ou nula. Nestes casos comunicarase ao equipo técnico do menor para que se determine a conveniencia de continuar neste recurso ou buscar outras alternativas.

d) Avaliación

A entidade adxudicataria deberá realizar unha avaliación dos procesos e dos resultados acadados, de forma que permita incorporar os achados desa avaliación á súa práctica profesional, favorecendo a mellora da calidade e efectividade das súas intervencións.

Elaborarase unha memoria anual na que se farán constar os seguintes indicadores, que se terán en conta á hora de avaliar a efectividade do programa:

- Número de casos atendidos, e perfil das persoas usuarias considerando os parámetros de idade, situación xurídica e/ou administrativa, situación formativo-laboral, núcleo de convivencia, motivo da derivación, organismo que o deriva, e outros que se consideren relevantes.

- Número de novas incorporacións ao programa, e perfil das persoas incluídas segundo os criterios sinalados no punto anterior.

- Número de baixas no programa, cos mesmos criterios de clasificación e ademais atendendo ao tempo de permanencia no programa e ao motivo da baixa: abandono, consecución do obxectivo, imposibilidade de continuar co tratamento, etc.

  Nos puntos anteriores, todos os datos deberán presentarse desagregados por sexo.

- Número de intervencións e tipoloxía destas.

- Recursos persoais e materiais empregados.

- Grao no que se acadaron os obxectivos formulados ao principio do tratamento, con xustificación dos criterios de valoración empregados.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 2mqnBXB0QV1 https://sede.xunta.gal/cve

6-. MEDIOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO

A entidade adxudicataria porá a disposición do programa as instalacións, persoal e o equipamento necesarios para o seu correcto desenvolvemento.

Correrán a cargo da entidade todos os gastos de persoal, equipamento, mantemento, e en xeral todos os recursos materiais necesarios para levar a cabo as prestacións previstas neste prego.

1. Instalacións e recursos materiais

   A entidade adxudicataria deberá contar cun ou varios locais axeitados para a realización das actividades de intervención e tratamento, tanto en formato individual como grupal, equipado co mobiliario, instalacións e medios materiais apropiados para o desenvolvemento do programa. As instalacións deberán manterse nas condicións de seguridade precisas, conforme ás disposicións legais vixentes.

   O local ou locais deberá/n estar situado/s na área urbana de Vigo.

2. Recursos humanos:

   Os medios persoais necesarios para o funcionamento do servizo serán de contribución da entidade adxudicataria.

   O equipo de intervención estará integrado por 3 psicólogos xerais sanitarios, e 2 psicólogos a media xornada un especialista en educación sexual e outro especialista en adiccións sen substancia.

   A entidade contará cun coordinador do programa que poderá ser un dos psicólogos indicados anteriormente, quen manterá os contactos necesarios co órgano xestor, cando sexa requirido por este.

7 . ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

Correspóndelle aos servizos competentes na área de menores dos departamentos territoriais da Consellería de Política Social e Igualdade:

- Propoñer a inclusión e derivar ás persoas usuarias do programa
- Facilitarlle á entidade adxudicataria toda a información relevante relativa ás persoas participantes no programa, permitíndolle a consulta da información recollida no expediente da persoa menor.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 2mqnBXB0QV1 https://sede.xunta.gal/cve

- Realizar todas as actuacións administrativas relativas ás familias e ás persoas menores integradas no programa que, de acordo coa súa competencia, lle correspondan.

- Determinar a baixa no programa cando se estime que non constitúe un recurso axeitado para a situación da persoa menor.

- Supervisar as actuacións relativas ao desenvolvemento do programa.

Pola súa banda o equipo profesional encargado da execución deste programa será coordinado pola entidade adxudicataria, que deberá axustar as súas actuacións ás instrucións e protocolos ditados pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

8 . RELACIÓNS ENTRE A ADMINISTRACIÓN E A ENTIDADE ADXUDICATARIA

Estableceranse accións de coordinación a varios niveis:

- Xefatura de Servizo das Xefaturas Territoriais correspondentes a cada caso - Servizo de Protección de Menores da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica - coordinación do programa de intervención ambulatoria con NNA en situación de dificultade social e desprotección de menores en situación de risco ou desamparo.
- O ETM da xefatura territorial á que corresponda o caso coordinarase coa entidade adxudicataria para a planificación e avaliación dos casos derivados a este programa.
- Ademais a entidade concertada comprométese a estar a disposición da Administración contratante para cantas reunións haxa que manter como consecuencia da realización deste proxecto.

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

Jacobo Rey Sastre

Asinado por: REY SASTRE, JACOBO JOSE
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 06/08/2026 12:49:36

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 2mqnBXB0QV1 https://sede.xunta.gal/cve